


MEMORIA 2019-2020





FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA

A **Fundación Paideia Galiza** constituíuse en 1986 como un espazo de debate e reflexión sobre as ciencias humanas e sociais. Desde a súa creación, foi construíndose a través das achegas de profesionais, conservando sempre un enfoque metodolóxico aberto e tendo en conta diferentes disciplinas, prácticas e discursos.

Ao longo deste tempo, foise consolidando e expandindo a través de iniciativas que tratan de incidir positivamente no contorno social galego, escenario e beneficiario de todos os seus proxectos, coa intención de contribuír á dinamización do seu tecido social e institucional e promovendo unha cultura participativa e solidaria.

Na actualidade a fundación centra a súa actividade nos seguintes eixes de traballo: **discapacidade e emprego; xuventude e mobilidade; emprendemento; desenvolvemento territorial e formación e divulgación.**

Desde cada un destes eixes promóvese a formación e o emprego daquelas persoas que teñen menos oportunidades para acceder ao mercado de traballo. Todo iso co compromiso da igualdade, a innovación, a sustentabilidade e a xustiza social, e sempre con vocación de traballo en rede, promovendo a colaboración con axentes sociais, públicos e privados.

MISIÓN

Promover a igualdade de oportunidades e favorecer o desenvolvemento persoal e social, mediante a creación de propostas e/ou proxectos innovadores e sustentables.

DISCAPACIDADE
E EMPREGO

EMPRENDEMENTO

FORMACIÓN E
DIVULGACIÓN

XUVENTUDE E
MOBILIDADE

DESENVOLVEMENTO
TERRITORIAL





SEDES

FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA

A **Fundación Paideia Galiza**

conta con dúas sedes: a sede central situada na cidade da Coruña e unha sede territorial no concello de Padrón.

SEDES



SEDE A CORUÑA

Praza María Pita, 17
15001 A Coruña
981 223 927
www.paideia.es



SEDE PADRÓN

A Escravitude, s/n
Sta. M.ª de Cruces
15980 Padrón. A Coruña
981 817 000

CENTROS DE TRABALLO



CULTIGAR

Laboratorio de
Biotecnoloxía Vexetal.
Brión, A Coruña.
www.cultigar.es



TRÉBORE JARDINERÍA

— Empresa de Economía Social.
Mera-Oleiros, A Coruña.
www.treborejardineria.com



TRÉBORE DISEÑO GRÁFICO Y REGALO DE EMPRESA

— Empresa de Economía Social.
A Coruña.
www.trebore.com



TRÉBORE SERVICIOS INTEGRALES

— Empresa de Economía Social.
A Coruña.



CIE MANS

— Centro de Iniciativas Empresariais.
Viveiro de empresas e *coworking*.
A Coruña.
www.mans-paideia.com



ESTUDIOS MANS

— Estudio de gravación e
plató audiovisual. A Coruña.
www.estudiosmans.com



VIVEROS BORRAZÁS

— Exposición e venda de plantas
ornamentais e froiteiras.
Bergondo, A Coruña.
www.viverosborrazas.com



DISCAPACIDADE E EMPREGO

PROXECTO ANTEAR

GRUPO TRÉBORE

SIAXS


O emprego posiciónanos na sociedade, fainos ter voz propia e ser donos do noso futuro.

As persoas con discapacidade foron tradicionalmente apartadas do mundo laboral por prexuízos e estereotipos que agravaron a súa situación de desvantaxe e exclusión.

Desde os seus inicios, a Fundación Paideia Galiza apostou polo emprego como unha ferramenta poderosa para o cambio, capaz de transformar as persoas e convertelas en protagonistas das súas vidas a través do compromiso, a tenacidade e o esforzo.


Desde o inicio da actividade do eixe de discapacidade e emprego, comprobouse o valor da inserción laboral como un instrumento para vencer prexuízos e promover un cambio na percepción social da discapacidade.

“Cando consigues un emprego, convérteste en protagonista da túa propia historia”



DISCAPACIDADE E EMPREGO

PROXECTO ANTEAR
2019-2020



**502 PERSOAS CON
DISCAPACIDADE ATENDIDAS**

**20 CURSOS DE
CAPACITACIÓN REALIZADOS**

**245 PERSOAS
FORMADAS**

**102 PERSOAS CON
DISCAPACIDADE CONTRATADAS
EN EMPRESAS**

**69 EMPRESAS
COLABORADORAS**

DISCAPACIDADE E EMPREGO

PROXECTO ANTEAR

O proxecto Antear nace no ano 1995 co obxectivo de cambiar a percepción social das persoas con discapacidade, acompañándoas no seu proceso de capacitación cara á inserción social e converténdolas en protagonistas da súa propia historia.

Deseñouse unha metodoloxía específica centrada nas capacidades da persoa e no poder transformador do emprego. A formación e a capacitación a través de experiencias laborais en empresas é unha peza clave neste proceso.




Todo iso acompañado da sensibilización do tecido empresarial, que permitiu que as persoas que se aproximaron a nós, ao longo de todos estes anos, tivesen a oportunidade de acceder a un emprego. As empresas colaboradoras contribuíron tamén a romper barreiras e prexuízos, favorecendo o cambio social e outra percepción da discapacidade.

Cada ano incrementase o número de persoas que confían no proxecto para iniciar ou retomar a súa vida laboral. Tamén crece cada ano o número de empresas que se incorporan como colaboradoras, ofrecendo novas oportunidades laborais, contribuíndo á sensibilización e impulsando a súa responsabilidade social.

DISCAPACIDADE E EMPREGO

GRUPO TRÉBORE
2019-2020



TRÉBORE
REGALO DE EMPRESA
Y DISEÑO GRÁFICO
6 TRABALLADORAS/ES

TRÉBORE
JARDINERÍA
39 TRABALLADORAS/ES

TRÉBORE
SERVICIO INTEGRAL
23 TRABALLADORAS/ES

trébore,sl
regalo de empresa · diseño gráfico
Economía Social

trébore
jardinería,sl
Economía Social

trébore,sl
servicio integral

DISCAPACIDADE E EMPREGO

GRUPO TRÉBORE

O Grupo Trébore é un grupo de empresas de economía social creado, dirixido e xestionado pola Fundación Paideia Galiza desde o ano 2000. Xorde da necesidade de crear unha plataforma de formación e acceso ao emprego, dirixida a persoas con discapacidade e en risco de exclusión social e como paso previo á inserción no emprego ordinario.



O Grupo Trébore, que actualmente está formado por 68 traballadoras e traballadores, desenvolve a súa actividade produtiva e formativa no campo do deseño gráfico e regalo de empresa, o mantemento de instalacións e a xardinaría e o viveirismo. Nesta última área colabora ademais con Viveros Borrazás, un viveiro de exposición e venda de plantas, árbores ornamentais e froiteiras.

DISCAPACIDADE E EMPREGO

SIAXS
2019-2020



259 PERSOAS
ASESORADAS

DISCAPACIDADE E EMPREGO

SIAXS

O **Servizo de Información e Asesoramento Xurídico e Social** "SIAXS", púxose en marcha en 1998 como unha acción complementaria ao resto de actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade.

Este servizo pretende dar resposta a interrogantes e problemas xurídicos que xorden no eido da discapacidade e/ou da exclusión social. Deste xeito, un equipo de profesionais que pertencen a distintas disciplinas, como o dereito, o traballo social ou a psicoloxía, traballan conxuntamente para informar e asesorar de forma integral.



Ofrécese información, estudo e asesoramento nos seguintes casos:

- Modificación da capacidade e do sistema de apoio.
- Dereitos fundamentais da persoa con discapacidade.
- Planificación anticipada de decisións e coidados.
- Seguridade social: prestacións, pensións, compatibilidade laboral.
- Contratacións e integración laboral.
- Cuestións testamentarias.

DISCAPACIDADE E EMPREGO

TESTEMUÑOS

DIEGO GÁLVEZ

Diego Gálvez deixou Cádiz na procura de novas oportunidades. Despois de dous anos difíciles chegou para el a oportunidade a través dos proxectos de emprego da nosa fundación. A día de hoxe Diego segue a traballar como repoñedor nun supermercado.

“Chegou a Fundación Paideia á miña vida e iluminoume o camiño. Agora estou ben, tranquilo, relaxado. Non teño palabras. Paideia deume paz e cambiou a miña vida da noite á mañá. Síntome moi satisfeito”.



ALMUDENA RODRÍGUEZ

O paso polo proxecto Antear deulle a Almudena a oportunidade de realizar prácticas non laborais que a axudaron no seu proceso de capacitación para o emprego. Na actualidade Almudena ten un contrato de traballo estable.

“O meu paso polos proxectos de emprego da Fundación Paideia axudoume a valorarme, a sentirme útil. Descubrín que son tan válida como calquera. A miña vida mellorou moito, e non me refiro só ao aspecto económico. Reforcei a miña motivación e síntome realizada persoalmente”.

DISCAPACIDADE E EMPREGO

TESTEMUÑOS



PAZ CASTRO

Unha persoa próxima a Paz relata así a súa experiencia tras ter pasado polo proxecto Antear e conseguir un emprego nun supermercado:


“Cada día recibe os clientes co seu mellor sorriso, achegando esforzo e ilusión. Paz sabe que a vida non é como se presenta, senón como a queremos mirar. Soubo desde moi pequena que a vida a ía afrontar a moitos retos pero tamén tivo moi claro que nunca renunciaría ao seu sorriso e ao aspecto social e humano que a caracteriza. Tivo momentos difíciles? Por suposto, pero sempre tira cara adiante!”.



DAVID ROMERO

David achegouse á nosa fundación despois de perder o seu emprego. Realizou un curso de deseño gráfico e incorporouse a Trébore Deseño Gráfico. Na actualidade traballa nunha empresa de rotulación onde continúa ampliando os seus coñecementos sobre o sector e mellorando o seu currículo.

“Desde que empecei a traballar houbo moitos cambios na miña vida e na miña forma de ser. Da persoa que era ao que son agora hai un cambio moi grande. Todos na miña familia me din que están orgullosos de min”.



XUVENTUDE E MOBILIDADE

EMPREGO XUVENIL

VOLUNTARIADO EUROPEO

O obxectivo de **Xuventude e Mobilidade** é facilitarlles aos mozos e mozas a adquisición das competencias necesarias e imprescindibles para acceder ao mercado laboral.

Trabállase coa mocidade desde diferentes perspectivas, proporcionándolles ferramentas para adquirir as capacidades que poidan mellorar a súa accesibilidade ao emprego.

Emprego Xuvenil

Utilizamos a formación e a mobilidade como ferramenta para favorecer o acceso ao emprego.

Voluntariado Europeo

Con este proxecto facilitámoslles ás mozas e aos mozos a posibilidade de vivir unha experiencia de voluntariado nun país europeo participando en proxectos sociais, educativos...

5.787 DEMANDAS
DE INFORMACIÓN
DE MOZAS/OS

460 MOZAS/OS
EUROPEOS ACOLLIDAS/OS
EN GALICIA

HISTÓRICO


935 MOZAS/OS PARTICIPANTES
EN INTERCAMBIOS/ESTADÍAS
FORMATIVAS FÓRA DE GALICIA

1.351 MOZAS/OS
PARTICIPANTES EN
ACCIÓNS FORMATIVAS



XUVENTUDE E MOBILIDADE

EMPREGO XUVENIL
2019-2020



**95 MOZAS/OS PARTICIPANTES
EN ACCIÓNS FORMATIVAS**

**953 ENTREVISTAS
REALIZADAS**

**2.090 HORAS DE FORMACIÓN
IMPARTIDAS**

**44 % DE MOZAS/OS
CONSEGUIRON
UN EMPREGO**


**25 % DE MOZAS/OS
REINCORPOROUSE
A CIRCUÍTO FORMATIVOS**

XUVENTUDE E MOBILIDADE

EMPREGO XUVENIL

Facilitámoslle á mocidade o desenvolvemento e a mellora das competencias para o emprego a través de formación e mobilidade fóra de Galicia.

A través da **formación** poténciase a aprendizaxe non formal, como alternativa ás formas tradicionais de ensino.



Favorécese o desenvolvemento persoal e a potenciación das competencias individuais, proporcionando recursos para acceder ao mercado laboral. As temáticas das formacións son sempre sobre sectores en auge e xeradores de emprego.

A **mobildade grupal** permite mellorar a integración profesional e o desenvolvemento persoal dos mozos e mozas, a través do intercambio e estadias formativas fóra de Galicia.



XUVENTUDE E MOBILIDADE

EMPREGO XUVENIL TESTEMUÑOS

Leonardo acudiu á Fundación Paideia Galiza con 18 anos, tras ter abandonado os estudos. Levaba desde os 16 anos buscando emprego e encadeando traballos de curta duración.

“A miña experiencia foi fantástica. Entrei no programa de Emprego Xuvenil, fixen un curso de industrias musicais e atopei traballo. Agora levo case dous anos traballando e podo facer plans de futuro. Moitas grazas por axudarnos profesional e persoalmente”.



**LEONARDO
MARTÍNEZ**
A Coruña
19 anos

Mor achegouse á Fundación Paideia Galiza en 2017. Chegara recentemente de Senegal sen coñecer ben o idioma, sen formación e sen experiencia laboral. Participou nunha estadía de 1 mes en Alemaña realizando prácticas nunha empresa. Ao seu regreso, tras unha boa valoración da súa empresa alemá, realizouse unha mediación para conseguir unha contratación nunha empresa galega. A valoración volveu ser positiva, pero a natureza do contrato era temporal, polo que continuou mellorando o seu currículo connosco. En abril de 2019 e tras a mediación do noso equipo, Mor foi contratado.



MOR KANE
A Coruña
23 anos

“Cheguei á Coruña con 18 anos. Quero expresar a miña máis profunda admiración e agradecemento polo bo trato, as ensinanzas e polo labor que realizou a Fundación Paideia Galiza comigo. Desde que cheguei aquí, estiveron sempre a axudarme a tomar o bo camiño e crecer persoal e profesionalmente. Grazas por estas oportunidades”.

XUVENTUDE E MOBILIDADE

EMPREGO XUVENIL TESTEMUÑOS

KARINA LÓPEZ **A Coruña** **29 anos**

Karina contactou coa nosa fundación en 2018 e participou nunha formación sobre Industria Musical. Aínda que contaba con formación universitaria en Venezuela (Licenciatura en Letras), non tiña as validacións aprobadas, o que lle dificultaba moito a busca de emprego. A través da nosa mediación, en febreiro do 2020 empezou a traballar na empresa de formación en liña Campus Training. En setembro ofrecéronlle un contrato indefinido e ascendérona a coordinadora de titorías en liña. Ten ao seu cargo outras 3 persoas.



RUBÉN MARTÍNEZ **Ribeira (A Coruña)** **18 anos**

A min sempre me gustou a música e toda a actividade laboral que a rodea. Ao ver que se ía organizar unha formación que me podía dar a oportunidade de ter unha primeira toma de contacto con esa industria, non o pensei e metíme de cheo. Esta formación brindoume moitas ideas sobre a que poder dedicar a miña vida profesional. Unha das mellores experiencias foron os obradoiros relacionados co mundo laboral, onde nos axudaron a manexar unha entrevista de traballo, como podíamos afrontar estar diante do xefe e que facer nos diferentes casos que a nosa vida laboral nos presente. A miña experiencia recomendaríalla a todas esas persoas ás que as atraía a música e tamén a todos os mozos que sintan que están un pouco perdidos”.

XUVENTUDE E MOBILIDADE

VOLUNTARIADO EUROPEO
2019-2020



**43 MOZAS/OS GALEGAS/OS
SAÍRON A EUROPA**

**9 MOZAS/OS EUROPEAS/OS
VIÑERON A GALICIA**

XUVENTUDE E MOBILIDADE

VOLUNTARIADO EUROPEO

O Voluntariado Europeo é un proxecto internacional de voluntariado enmarcado dentro do Corpo Europeo de Solidariedade. Permite colaborar nun proxecto de longa duración (ata 12 meses) nunha organización ou nunha institución sen ánimo de lucro de Europa.

As temáticas dos proxectos poden ser moi diversas: medio ambiente, educación, deporte, discapacidade, exclusión social, xuventude...

Ao longo da súa estadía as mozas e os mozos melloran as súas competencias, aprenden novos idiomas e a relacionarse con outras culturas.

Desde o ano 1999 a Fundación Paideia Galiza xestiona proxectos de voluntariado, tanto para a organización de envío de mozos/as como de apoio e acollida. Colaboran con este proxecto tanto a Xunta de Galicia como a Deputación da Coruña.



XUVENTUDE E MOBILIDADE

VOLUNTARIADO EUROPEO TESTEMUÑOS

PALOMA LONGUEIRA
(Oleiros,
voluntaria en Polonia)
19 anos



Ao rematar bacharelato, Paloma buscaba facer un voluntariado para vivir unha experiencia de mobilidade que lle axudase a aclarar as súas ideas de cara ao futuro e decidir que estudar.


“Despois do instituto afrontamos o inicio do noso futuro e eu, como moitas outras persoas, atopábame perdida nese momento. Por iso, facer un voluntariado é das mellores eleccións que podes tomar; benefíciate tanto persoalmente como para o teu futuro e é un xeito marabilloso de viaxar, coñecer e, asemade, axudar”.

Na actualidade Paloma está matriculada nun ciclo formativo de grao superior do sector cultural.

CLARA MORÁN
(Outeiro de Rei, voluntaria en Polonia)
29 anos

“Prevía un ano de descanso da miña vida de ata entón, unha paréntese, un regalo ao ser moza... Que sentín? Aprendizaxe mutua na convivencia con persoas de diferentes partes do mundo, cada un coas súas vivencias e os seus soños...”.

“Rematei o proxecto e ao día seguinte fixen unha entrevista de traballo da que sempre recordarei un momento no que a entrevistadora se respondeu a si mesma: *Capacidade de adaptación? Vale, non respondas... Vexo que estiveches en Polonia e que te fuches sen saber inglés nin polaco.* Creo que isto non tería sido posible se non me tivesen facilitado todo. Aceptei o traballo e sinto que a motivación para superarme a min mesma, derivada desta aventura, me durará uns cantos anos. Cambioume a un autoconceito máis pleno e capaz. Como non recomentalo!”.



XUVENTUDE E MOBILIDADE

VOLUNTARIADO EUROPEO TESTEMUÑOS

THOMAS SCHUTZ
(Austria, voluntario en Aind,
Asociación para a Integración da
Discapacidade na Coruña)
28 anos



“Decidín facer un voluntariado europeo despois de rematar os meus estudos. Grazas a esta experiencia puiden probar este tipo de traballo nun ambiente amigable e despreocupado, onde sempre recibín o apoio dos meus compañeiros de traballo. En resumo, podo recomendarlle a todo o mundo que faga un voluntariado europeo porque é unha posibilidade de aprender sobre distintas culturas, e tamén sobre un mesmo. Estar nun ambiente diferente con xente nova fai que reflexiones sobre ti mesmo e ao final creces persoalmente no proceso”.

LAURA CEPÁ
(A Coruña,
voluntaria no Reino Unido)
22 anos

“Para min o voluntariado europeo é unha oportunidade para coñecer outras culturas, mellorar o inglés ou aprender outro idioma. Foi unha forma estupenda para coñecerme e sorprendeme a min mesma.

Puiden desenvolver habilidades persoais e profesionais mentres aprendía inglés, o que me vai axudar, sen dúbida, na miña carreira profesional”.

Laura está pendente de varias entrevistas de emprego en Liverpool como terapeuta ocupacional.





EMPRENDEMENTO

CIE MANS


ESTUDIOS MANS

EMPRENDEMENTO SOCIAL

A definición moderna de emprendemento non inclúe só a acción de crear, innovar e arriscarse, senón tamén a finalidade de transformar o mundo que nos rodea, resolvendo problemas e carencias e dando inicio a un necesario cambio social.

Toda aquela persoa ou entidade que emprende lánzase á acción creando emprego, favorecendo o avance e axudando á sociedade. Desde a nosa entidade queremos fomentar o emprendemento, tanto desde un modelo empresarial como desde o apoio á creatividade artística ou musical, sen esquecer a cooperación no eido social. Todo iso coa mirada posta sempre na creación de emprego e no desenvolvemento de proxectos innovadores, sustentables e de achega á sociedade.

O emprendemento inspira e conduce a un campo de innovación baseado no esforzo, o compromiso e a ilusión por iniciar, potenciar e manter iniciativas que melloren o benestar da sociedade.



EMPRENDEMENTO

CIE MANS
2019-2020



109 DEMANDAS
DE ESPAZO

50 EMPRESAS
ALOXADAS
CIE MANS +
MANS PADRÓN

546 POSTOS
DE TRABALLO

EMPRENDEMENTO

CIE MANS

Centro de Iniciativas Empresariais

Mans ofrece a emprendedores/as os espazos e servizos necesarios para o desenvolvemento do seu proxecto empresarial.

A súa sede do Polígono de Pocomaco conta con máis de 6.000 m² con oficinas de diferentes tamaños, espazo *coworking*, salas de reunións e formación, espazos para eventos, cafetería, ximnasio, sala de lecer...

Todo iso nun ambiente de innovación e colaboración con empresas punteiras de distintos sectores. O CIE Mans ten outra sede en Padrón, en formato *coworking*, aberta a profesionais con interese por xerar unha comunidade emprendedora no rural.

Durante os dous últimos anos, o centro contou cunha ocupación media das súas instalacións de entre o 90% e o 100%, polo que centrou o seu desenvolvemento na mellora continua da calidade dos seus servizos e na consolidación da positiva valoración das persoas usuarias.

Co obxectivo de favorecer sinerxías entre as empresas usuarias, o CIE Mans desenvolveu as seguintes actividades:

- - Sesións de desenvolvemento profesional a través de dinámicas *Legó Serious Play*.
- - Curso de metodoloxías Agile.
- - Xornadas de *networking*.
- - Pílulas informativas mensuais.
- - Ciclos de conferencias sobre industrias culturais.
- - Actividades de desenvolvemento persoal: inglés, pilates, *mindfulness*...
- - Proxecto Europeo Circular Labs sobre economía circular.

EMPRENDEMENTO

CIE MANS TESTEMUÑOS



ODEENE **Adolfo Pérez, Pedro Lorenzo**

“Nestes dous anos de vida do noso reto alimentamos a nosa ilusión facendo aquilo que nos gusta. Contar con iniciativas como a desenvolvida polo CIE MANS facilita enormemente os comezos nesta ardua tarefa de emprender. O noso equipo humano foi crescendo arredor da nosa mesma filosofía, que principalmente consistiu en rodearnos de talento. Comprometémonos coa procura de proxectos interesantes e novidosos, que incentiven e estimulen os nosos traballadores no seu día a día, conseguindo que o bo ambiente laboral e a produtividade sexan aínda máis altos”.

URBEN **Fernando Costoyas, Roberto López e Robustiano Fernández**

“Atopámonos nunha época de transición. Emprender como fin, ser unha *startup* ata o infinito e máis alá... Confusión.

Ao final, a esencia: ser empresario. Ter iniciativa, decisión, esforzo, compromiso e desde a nosa experiencia, sobre todo, resiliencia.

Finalizamos. Todo o mundo nalgún momento da súa vida debería ser empresario. Melloraríamos como sociedade”.



EMPRENDEMENTO

CIE MANS TESTEMUÑOS



MARMA IDEAS

Marina Pérez e Matías Losada

"Iniciar un camiño en solitario foi infinitamente máis difícil do que nos contaran. O comezo é case un proba-erro porque cada decisión, cada obxectivo que te marcas é incerto e tes menos perspectiva.

Para nós, emprender pagou a pena, construímos un modelo de empresa cuns valores que nos representan como persoas. E crear, desde esa posición, é máis doado. Sentímonos con maior liberdade, algo que é fundamental para traballar con coherencia.



Somos conscientes de que o camiño antes de chegar a Mans, hai un ano, foi duro... tiñamos que ter vido antes!

O ambiente de traballo que se xera aquí, os espazos compartidos e sobre todo contar co equipo humano e técnico de Estudios Mans é unha vantaxe para nós que xa está comezando a dar os seus froitos".

WAYAPP

Oscar Anzola

"O máis valioso que podo achegar sobre a miña experiencia como emprendedor é planificar desde o comezo que o camiño está cheo de erros e desacertos, e que o éxito da aventura depende da capacidade de aprender deles e a velocidade en axustar a ruta. Son os clientes os que finalmente determinan se a ruta era acertada. Os meus máis grandes inimigos como emprendedor foron a arrogancia, a cobiza e a impaciencia. A mellor axuda foi o meu equipo, e outra grande axuda é desenvolver a actividade nun ambiente propio de emprendemento rodeado de facilidades e outros emprendedores tal como o conseguín en Mans".

EMPRENDEMENTO

ESTUDIOS MANS
2019-2020



FORMACIÓN
189 ALUMNAS/OS
EMPRENDEMENTO
MUSICAL

PROMOCIÓN
1.067 BANDAS/ARTISTAS
INSCRITAS/OS EN
CONCURSOS/CERTAMES

GRAVACIÓN
609 MÚSICAS/OS
GRAVARON EN
ESTUDIOS MANS

EMPRENDEMENTO

ESTUDIOS MANS

Estudios Mans é un estudio de gravación situado na Coruña. Está dirixido a artistas e grupos musicais, produtoras de cinema ou axencias de publicidade e fotografía. A sala de gravación, de gran formato, pode albergar tanto grandes producións musicais como grupos de formación reducida. Na actualidade, desde Estudios Mans desenvólense diferentes actividades encamiñadas a xerar oportunidades para músicos e músicas emerxentes. O obxectivo de Estudios Mans é contribuír á profesionalización do sector, poñendo á súa disposición ferramentas formativas, promocionais e de gravación.

A sala de gravación de 240 m² pode acoller ademais producións de cinema, publicidade ou fotografía, converténdose en estudio de gravación audiovisual para axencias e empresas ou mesmo nun espazo para a realización de eventos profesionais.

Formación. Impártense programas formativos e organízanse ciclos de xornadas, co obxectivo de dotar as/os artistas emerxentes das ferramentas necesarias para desenvolver o plan de negocio do seu proxecto musical. Intervenien como docentes e titores/as os mellores profesionais da industria musical, ofrecendo contidos adaptados ás novas necesidades do sector. Estas accións formativas desenvólense a nivel nacional.

Promoción. Coa finalidade de visibilizar o talento de proxectos musicais emerxentes, cada ano organízanse diferentes programas, como as audicións en directo do certame **Sonidos Mans Salas** ou os Premios á Excelencia Musical **Mans Futuro** para xoves estudantes dos conservatorios de música de Galicia. Outro dos programas con máis repercusión é o concurso de bandas emerxentes **Sonidos Mans**, dirixido a bandas de toda España e que lles permite aos gañadores tocar nos escenarios galegos máis recoñecidos.

Gravación. Realízanse gravacións a artistas para facilitar a súa promoción en plataformas dixitais. O programa **La Residencia**, en colaboración con Radio 3, permitiu que grupos e artistas de nivel internacional como Kiko Veneno, Izal, Luísa Sobral, Depedro, Zahara ou Love of Lesbian puidesen desenvolver e gravar novos temas no noso estudio.

A Escola de Organización Industrial (EOI), o Fondo Social Europeo, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e a Deputación da Coruña son socios da Fundación Paideia Galiza para o desenvolvemento de accións formativas e de promoción.

EMPRENDEMENTO

ESTUDIOS MANS
EXPERIENCIAS MUSICAIS 2019



EMPREENHAMENTO

ESTUDIOS MANS
EXPERIENCIAS MUSICAIS 2020



EMPRENDEMENTO

EMPRENDEMENTO SOCIAL
2019-2020



335 SOLICITUDES

81 ENTREVISTAS

47 COLABORACIONES

EMPRENDEMENTO

EMPRENDEMENTO SOCIAL

O **emprendemento social** afunde as súas raíces nos problemas dunha boa parte da cidadanía, abordando sectores onde o mercado non funcionou como se esperaba e as administracións públicas actúan de xeito ineficiente sobre el.

Desde o convencemento de que “querer é poder”, a nosa organización, como entidade aberta, independente e plural, ademais de promover os seus propios proxectos de intervención social, apoia e coopera económica, técnica e xuridicamente con outros proxectos de emprendemento social da sociedade civil.



Intervención artístico-pedagóxica
Hospital Arquitecto Marcide, Ferrol.

EMPRENDEMENTO

EMPRENDEMENTO SOCIAL TESTEMUÑOS

ASOCIACIÓN INTEGRAL DE RESCATE DE EMERXENCIAS (AIRE)

Apoio ao labor humanitario no campo de refuxiados de Ioanina (Katsikas) en Grecia, a través da compra dunha máquina de bloques

“O feito de ter levado aos campamentos a máquina de bloques supuxo poder implementar unha forma de construción diferente, que nos permite mecanizar os procesos, facelos máis rápidos e efectivos, e ademais obter mellores resultados que os que estabamos a obter coa fabricación tradicional. Formamos o equipo que ata entón realizaba este labor de maneira manual, e agora podemos construír de xeito máis económico un tipo de bloques que funcionan mellor en xeral”.

Testemuño do equipo construtor



LABORATORIO ESCÉNICO SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

Colaboración con proxectos enmarcados no Plan de Danza Profesional

“Na tempada de 2019 a Fundación Paideia Galiza axudounos economicamente a levar a cabo dous proxectos enmarcados no Plan de Danza Profesional, que busca suplir as carencias públicas en canto a formación e acompañamento na profesionalización de artistas do movemento en Galicia. O desamparo das administracións fai que as artistas teñan que saír da comunidade para buscaren formación e experiencias profesionais. A colaboración axudounos á creación de CANELA, un espectáculo de danza urbana profesional interpretado por 8 bailarinas e bailaríns da Coruña, todas/os en proceso de profesionalización. Ademais de teren a oportunidade de formar parte dunha compañía de esencia grupal e colectiva, tiveron a oportunidade de formarse nun contexto creativo e apoiado por un equipo de luxo. Tamén puidemos contar co asesoramento coreográfico de Sabela Domínguez e a produción musical de Jas Processor. CANELA continúa actualmente en xira, mellorando cada vez que é representada”.

**Carmen Cotelo, Alba Fernández, Alejandro Varela.
Cooperativistas.**

EMPRENDEMENTO

EMPRENDEMENTO SOCIAL TESTEMUÑOS



ASEIA, ASOCIACIÓN PARA A SAÚDE EMOCIONAL NA INFANCIA E ADOLESCENCIA

Gravación dunha webserie sobre educación sexual

“O proxecto SEX_webserie, para o que contamos co apoio da Fundación Paideia Galiza, permitiunos xerar unha ferramenta para traballar a educación sexual desde unha perspectiva da promoción da igualdade, o respecto pola diversidade e a busca de saúde emocional para mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. A serie tivo unha estupenda acollida entre as e os adolescentes, o persoal docente e as familias, cun importante impacto en redes sociais e nos centros de educación secundaria e nas asociacións de diverso tipo onde se desenvolveron as presentacións.

Para nós, como entidade, supuxo unha grande aprendizaxe, introducíndonos no sector audiovisual coas compañeiras da produtora Illa Bufarda e permitiúndonos manter o contacto con moitos adolescentes que enriqueceron o noso coñecemento compartindo as súas experiencias”.

Ricardo Fandiño Pascual
Presidente de ASEIA

COOPERATIVA MULLERES COLLEITEIRAS

Mulleres Colleiteiras é unha cooperativa sen ánimo de lucro formada por mulleres en situación de exclusión social. Dedicase á recollida e xestión de aceite vexetal usado. Impulsada por Arquitectura sen Fronteiras, leva desde 2015 constituída, perseguindo os obxectivos de promover o emprego feminino e a inserción sociolaboral e impulsando o ciclo completo da xestión do aceite vexetal, desde a recollida ata a reutilización, todo iso cun proceso local e de baixo custo.

“Para podermos realizar esta transformación inicial do residuo, necesitabamos contar coas instalacións e os depósitos necesarios, pero non dispoñiamos de liquidez para poder facer o investimento, a pesar de que tiñamos aprobada unha subvención

coa Deputación da Coruña. O convenio coa Fundación Paideia Galiza permitiunos realizar este investimento e recuperarnos economicamente. Para nosoutas supuxo a materialización dun dos nosos obxectivos fundacionais e que ademais é fundamental para medrar no noso sector: a posta en marcha do proceso de valorización do residuo que transportabamos e que agora podemos xestionar grazas ás instalacións e aos depósitos para o tratamento do aceite vexetal usado. Agora somos quen de asumir novos retos, xa que a actividade económica aumentou e foise incrementando tamén o número de socias traballadoras, de convenios con entidades e de actividades que podemos desenvolver, como formacións, certificacións ou campañas...”.

Mulleres Colleiteiras





DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

ASOCIACIÓN DE LOA CULTIGAR

Entendemos por Desenvolvemento Territorial unha estratexia impulsada por un “gobierno de axentes públicos e privados” do propio territorio, a través dunha serie de accións que teñan como obxectivos o aproveitamento dos recursos endóxenos existentes, a igualdade de oportunidades para mulleres e homes, e a xeración de empregos derivadas do propio contorno económico.

Este eixe de traballo promóvese desde a sede territorial que ten Paideia no concello de Padrón, simbolizando desta forma o compromiso co territorio e o fortalecemento da propia aposta institucional.

Á actividade deste eixe de traballo súmase Cultigar, un laboratorio de biotecnoloxía vexetal situado no concello de Brión, pioneiro en Galicia no ámbito da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.



DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

ASOCIACIÓN DE LOA
2019-2020



**87 PROMOTORES/AS
ASESORADOS/AS**

**14 PROXECTOS
SUBVENCIONADOS:**

- Recuperación paisaxística e etnográfica: 3
- Turismo: 3
- Servizos básicos á poboación: 5
- Industria: 1
- Outros servizos: 2

**12 EMPREGOS
CREADOS**

**49 EMPREGOS
CONSOLIDADOS**

DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

ASOCIACIÓN DELOA

Para implementar de xeito máis eficaz e próximo ao territorio as distintas estratexias de desenvolvemento territorial da Fundación Paideia Galiza, en 2001 créase a Asociación de Desenvolvemento Local DELOA, que realiza a súa actividade desde a sede da Fundación Paideia Galiza no concello de Padrón.

A asociación é un espazo colaborativo mixto público-privado, presidido pola Fundación Paideia Galiza, no que se anima a participación de axentes representativos en ámbitos moi diversos da vida sociocultural e produtiva das tres bisbarras (cultura, sector agroforestal e marítimo, persoas con diversidade funcional, industria, etc.). É obxectivo de DELOA participar con distintos axentes en accións que redunden nese incremento de capacidades e *know-how* do territorio.

Proba deste compromiso son os diferentes programas que DELOA liderou para desenvolver accións en distintos sectores e para diversos colectivos (PRODER, EQUAL, LEADER, LEONARDO, GRUNDTVIG).

No período 2019-2020 DELOA seguiu a traballar coa canteira de emprendedores públicos e privados que contribúen ao desenvolvemento do tecido socioeconómico do territorio, a través da xestión do proxecto LEADER.

Así mesmo, déuselle continuidade ao evento **Interritmos**, un proxecto que contribúe á posta en valor do patrimonio cultural inmaterial, a través da música tradicional.

Outra liña de interese é a realización de actividades de **igualdade e loita contra a violencia de xénero**.

En colaboración co eixe de Xuventude e Mobilidade da Fundación Paideia Galiza, impártense **accións formativas** orientadas á capacitación profesional de mozas e mozos con menos oportunidades.

DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

ASOCIACIÓN DE LOA TESTEMUÑOS DE PROXECTOS FINANCIADOS A TRAVÉS DO LEADER

INTERRITMOS: SONS NO RURAL

INTERRITMOS, desde a súa creación en 2011, pon o foco en impulsar o patrimonio cultural como factor de desenvolvemento sustentable e integrador no rural e, en concreto, aposta por dar visibilidade á riqueza e evolución da música tradicional galega. Esta riqueza patrimonial está viva, é dinámica e reinterpreta-se constantemente, adaptándose aos tempos e servindo de recurso para outras expresións culturais.

Con este compromiso da Asociación DELOA co patrimonio sonoro galego, e no contexto das limitacións impostas pola

COVID-19, na edición do verán 2020 introdúcese como innovación a creación do Concurso de maquetas INTERRITMOS mediante unha plataforma dixital e facendo fincapé na concorrencia de grupos e solistas xoves de toda Galicia e de estilos musicais diversos que teñan como base a música de raíz galega. Os tres grupos, seleccionados por un xurado profesional da industria musical, foron premiados coa participación nun circuío musical en vivo nos concellos de Boiro, Noia e A Pobra do Caramiñal e coa gravación dun *single* e vídeo promocional.



MÁRMOLES OROSA

En Galicia o traballo sobre a pedra e o mármore ten unha tradición secular, e a cantaría é un dos selos de identidade da industria rural galega, tanto na vertente extractiva como transformadora. Produto desta tradición é a empresa familiar de Padrón Mármoles Orosa, S.L., agora liderada polos tres fillos do fundador. Esta renovación xeracional supuxo unha aposta apoiada por DELOA, cara á modernización da empresa, introducindo maquinaria de última xeración que mellora tanto as posibilidades de traballo sobre a pedra e o mármore como os acabados.

“Nunca pensei isto. A máquina corta cun chorro de auga a presión. Só con auga! É capaz ademais de desbastar a pedra dous milímetros, mentres que o disco come a pedra e non che deixa nin facer circunferencias. A tecnoloxía gústanos e gastamos moito diñeiro nela”.

Mármoles Orosa

OBRADOIRO DE MASAS CONXELADAS

Dubraseda é unha entidade constituída por dous socios, con ampla experiencia no sector alimentario, que pon en marcha un obradoiro para a elaboración de produtos tradicionais galegos con base en panadería e pastelería, tanto doce como salgada. Co apoio de DELOA, adecúan unha nave no polígono industrial de Noia e deseñan *ad hoc* e adquiren maquinaria innovadora para dar resposta a como fabricar produtos de calidade en condicións óptimas de conservación, o que se traduce en que non haxa perda nin de sabor nin de valores nutricionais nos produtos.

“Aquí o novidoso é a tecnoloxía que usamos, ademais de volver ao produto que facían antes as nosas avoas, pero coa tecnoloxía de agora. Recuperar isto é volver ás masas nais, sabelas facer ben, coídalas e agarimalas procurando unha tecnoloxía que non estrague todo ese proceso, sen necesidade de engadir aditivos.

Deste xeito, a tecnoloxía fai que os alimentos non perdan propiedades nutricionais e nos axuden a manter o de antes, conxelando con nitróxeno. Nós dependemos moito da axuda de DELOA, porque non é o mesmo arrancar un proxecto en precario que arrcalo ao cen por cen. E nós arrcámolo ao cen por cen grazas a DELOA. É fundamental que non se perdan axudas para o rural”.

Dubraseda, S.L.



DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

ASOCIACIÓN DELOA TESTEMUÑOS DE PROXECTOS FINANCIADOS A TRAVÉS DO LEADER

CASA DA MOCIDADE FAB LAB

O Fab Lab créase para ser un espazo no que se poidan despreñar a imaxinación e a enerxía creadora da xente nova. Concíbese como factoría de ideas e proxectos, de aprendizaxe e experimentación, sobre o piar do

traballo colaborativo e a intelixencia grupal entre os *fabbers*. O Fab Lab da Pobra conta con excelente conexión wifi, unha pantalla táctil, 12 ordenadores, 2 impresoras láser e 5 impresoras en 3D, pero tamén con ferramentas tradicionais que permitan a creatividade e a fabricación de obxectos. Un espazo innovador dedicado á innovación.

“Este Fab-Lab ten dúas vertentes moi diferentes: unha é o simple lecer ou divertimento, porque che gusta a tecnoloxía, e outra é unha compoñente laboral, porque aquí pódense aprender moitas cousas de cara ao futuro, cousas que se poden aplicar en empresas, e gustaríanos que fose así”.

Xosé Lois Piñeiro,
Alcalde da Pobra do Caramiñal



DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

CULTIGAR
2019-2020



PRODUCCIÓN

- Especies froiteiras: 8.000 unidades
- Especies forestais: 19.000 unidades
- Portaenxertos: 140.000 unidades

INVESTIGACIÓN

- 4 proxectos para desenvolvemento de protocolos de multiplicación *in vitro*
- 1 proxecto para o saneamento dunha especie hortícola

CONVENIOS / COLABORACIÓN

- Convenio coa Consellería do Medio Rural
- Colaboración coa Universidade de Vigo

DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

CULTIGAR

Cultigar é un laboratorio de biotecnoloxía vexetal pioneiro en Galicia, dedicado á investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico no campo da produción, cultivo e calidade sanitaria de planta ornamental, forestal e hortofrutícola de alto nivel económico.

Tamén desenvolve outro tipo de actividades, como o mantemento de bancos de xermoplasma, micropropagación por cultivo *in vitro* e aclimatación en viveiro de todo tipo de plantas.

Ten como finalidade o emprego da biotecnoloxía para desenvolver proxectos que acheguen valor ao sector agroforestal e melloren a súa competitividade con criterios de respecto ao medio ambiente e conservación da biodiversidade e contribuíndo activamente ao desenvolvemento económico e social da nosa contorna.

INVESTIGACIÓN

- Convenio de investigación coa Consellería do Medio Rural para a mellora do material forestal de reprodución (*Quercus robur* e *Prunus avium*). 2018-2021
- Desenvolvemento dun protocolo de multiplicación *in vitro* dun portaenxertos tradicional de pistacho.
- Presentación dun póster, xunto coa Universidade de Vigo, no congreso da SECIVTV (Sociedad Española de Cultivo in Vitro de Tejidos Vegetales) 2019, titulado: "Design of culture medium for the rooting of a recalcitrant chestnut clone".

- Establecemento *in vitro* de xenotipos de eucalipto resistentes a *Mycosphaerella*.
- Saneamento e tuberización de variedades de pataca de orixe galega.
- Enxerto de diferentes variedades de aguacate para a instalación dun campo de ensaio.
- Ensaos con lámpadas de tecnoloxía led para o cultivo *in vitro* de plantas baixo criterios de aforro enerxético.

FORMACIÓN-DIVULGACIÓN

- Organización dunha xornada técnica forestal en colaboración coa Consellería do Medio Rural baixo o título: "**Escollendo, mellorando e conservando as nosas árbores**". Unha xornada para descubrir o papel que exerce a biotecnoloxía no impulso do sector forestal e promover o emprego dos nosos recursos forestais, en especial dos novos clons seleccionados de *Prunus avium*. Nela participaron como relatores investigadores, xestores e asociacións forestais de primeiro nivel no territorio nacional.
- Participación nunha **Xornada para a divulgación da economía circular** enmarcada no Proxecto CIRCULAR LABS.



FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

O termo Paideia, en grego “educación” ou “formación”, era para os antigos gregos o proceso de educación dos nenos e nenas, entendéndose como a transmisión de valores (saber ser) e saberes técnicos (saber facer) inherentes á sociedade.

Partindo desta premisa, na actualidade entendemos a “Paideia” como algo inherente á nosa organización, presente en todos os eixes de traballo.

Desde a súa orixe, a Fundación Paideia Galiza constituíuse cunha clara vocación de espazo aberto no que se propiciase o debate e a reflexión. A súa primeira etapa está marcada polos programas de formación dirixidos ás e aos profesionais da educación, a saúde mental ou os servizos sociais.

Ao longo dos anos, a fundación foi evolucionando e ampliando as áreas de interese, poñendo a formación á disposición da sociedade.



FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

2019-2020



**22 ACTIVIDADES
ORGANIZADAS**

**987 ALUMNAS/OS
E ASISTENTES A
ACTIVIDADES FORMATIVAS**

**134 DOCENTES
E RELATORAS/ES**

Durante 2019 e 2020 organizáronse xornadas de distintas temáticas e disciplinas, sempre cun enfoque práctico e contando con profesionais de diferentes áreas de coñecemento.

Bioética

- CICLO DECISIÓNS AO FINAL DA VIDA
"O debate sobre as decisións ao final da vida: entre a paixón e a compaixón".
"Decisións ao final da vida. Deliberando sobre a morte medicamente asistida".

Biotecnoloxía

- XORNADA "Escollendo, mellorando e conservando as nosas árbores".

Ciencia

- CICLO INTELIXENCIA ARTIFICIAL: O FUTURO QUE XA É PRESENTE
"Cara á sociedade robótica do futuro".
"A intelixencia artificial e o futuro do traballo".
"Bioética e intelixencia artificial: sobre datos e humanos".

Economía

- PRESENTACIÓN do libro de Emilio Ontiveros "*Excesos: amenazas a la prosperidad global*".

Industria musical

- CICLO FRONTEIRAS, CONDICIÓN DE TRABALLO E MARCAS
"Superar fronteiras coa música: conexións entre a escena musical galega e portuguesa".
"Condicions de traballo nos eventos musicais".
"A música: o territorio perfecto para unir marcas e consumidores".
- CICLO FOTOGRAFÍA, TURISMO E INNOVACIÓN NA MÚSICA EN DIRECTO
"Fotografía e música en directo".
"Turismo e música en directo".
"Innovación e música en directo".
- MASTERCLASS PROXECTANDO UNHA GRAVACIÓN CON PACO LOCO
- 7 COWORKING GO2WORK EMPRENDEMENTO MUSICAL
A Coruña (3), Barcelona (2), Granada (1) e Getxo (1).


FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

2019-2020



FORMACIÓN E DIVULGACIÓN





DATOS ECONÓMICOS

ORZAMENTO POR EIXE DE ACTIVIDADE 2019-2020

478.884 €
DISCAPACIDADE E EMPREGO

352.043 €
XUVENTUDE E MOBILIDADE

1.486.642 €
EMPRENDEMENTO

443.680 €
DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL


389.557 €
FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

ESTIMACIÓN TOTAL DO RETORNO
ÁS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN
CONCEPTO DE SEGURIDADE SOCIAL,
IVE, IS, IRPF E OUTROS TRIBUTOS
825.471 €



DATOS ECONÓMICOS 2019

DISTRIBUCIÓN DO GASTO POR EIXE DE ACTIVIDADE 2019



**TOTAL GASTOS
EIXES ACTIVIDADE:
1.673.474 euros**

Gastos xerais
de estrutura
(non imputados directamente
a ningún eixe)
589.237 euros

FONTES DE FINANCIAMENTO 2019

Euros

Colaboracións entidades privadas	624.000
Grupo Rosp	600.000
Repsol Petróleo	18.000
Kutxabank	1.000
Conren Land AG	5.000
Subvencións, colaboracións entidades públicas	292.180
Xunta de Galicia	187.437
Deputación da Coruña	23.875
Fondos europeos	68.848
Outros	12.020
Vendas e outros ingresos activ. mercantil	864.346
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	450.167
Alugueiro espazos usufrutuados	355.232
Servizos xestión, outros	94.935
TOTAL INGRESOS	2.230.693


Datos económicos correspondentes á xestión de proxectos e de estrutura, non incluíndose excepcionais nin outros axustes contables (amortizacións, valoración usufrutos...).

DATOS ECONÓMICOS 2020

DISTRIBUCIÓN DO GASTO POR EIXE DE ACTIVIDADE 2020

**TOTAL GASTOS
EIXES ACTIVIDADE:
1.477.333 euros**

Gastos xerais de
estrutura
(non imputados directamente
a ningún eixe)
566.924 euros



FONTES DE FINANCIAMENTO 2020

Euros

Colaboracións entidades privadas	880.784
Grupo Rosp	868.784
Fundación Cofares	12.000
Subvencións, colaboracións entidades públicas	268.636
Xunta de Galicia	152.776
Deputación da Coruña	29.094
Fondos europeos	70.939
Outros	15.976
Vendas e outros ingresos activ. mercantil	740.755
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	419.120
Alugueiro espazos usufrutuados	310.318
Servizos xestión, outros	108.802
TOTAL INGRESOS	2.309.294

Datos económicos correspondentes á xestión de proxectos e de estrutura, non incluíndose excepcionais nin outros axustes contables (amortizacións, valoración usufrutos...).

Datos previstos do exercicio 2020, por estar pendente o peche contable oficial na data de impresión.



O PADROADO E EQUIPOS DE TRABALLO

D.ª Sandra Ortega Mera

Presidenta

Licenciada en Psicoloxía
Presidenta da Fundación Paideia Galiza

D. Guillermo Vergara Muñoz

Vicepresidente

Diplomado en Turismo
Vicepresidente e director de Proxectos
da Fundación Paideia Galiza

D.ª María Cotón Fernández

Secretaria non patroa

Licenciada en Dereito
Responsable da Asesoría Xurídica
da Fundación Paideia Galiza

D. Federico Menéndez Osorio

Vogal

Doutor en Psiquiatría. Médico psiquiatra
Expsiquiatra da Universidade
de Saúde Mental Infantil
(Hospital Infantil Teresa Herrera A Coruña)

D. Emilio Ontiveros Baeza

Vogal

Licenciado e doutor en CC.EE.
Fundador e presidente de Analistas
Financieros Internacionales

D. Demetrio García de León Solera

Vogal

Licenciado en Socioloxía. Especialidade industrial
Xefe do Servizo de RR.HH. e Procesos Participativos. Área de Goberno
de Desenvolvemento Urbano Sustentable (Concello de Madrid)

D. José Antonio Seoane Rodríguez


Vogal

Doutor en Dereito e experto en Bioética sanitaria

EQUIPOS DE TRABAJO



CIE MANS / ESTUDIOS MANS



DEPARTAMENTO XURÍDICO



EMPREGO XUVENIL E VOLUNTARIADO EUROPEO

EQUIPOS DE TRABAJO



DEPARTAMENTO
ECONÓMICO FINANCEIRO



SECRETARÍA XERAL
E DE DIRECCIÓN



DEPARTAMENTO RR.HH. / ANTEAR



DEPARTAMENTO
NOVAS TECNOLOXÍAS

EQUIPOS DE TRABAJO



DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL



CULTIGAR



TRÉBORE DISEÑO GRÁFICO
Y REGALO DE EMPRESA

EQUIPOS DE TRABAJO



TRÉBORE SERVICIOS INTEGRALES



TRÉBORE JARDINERÍA

